

Resposta á *laudatio*, por Fina Casalderrey

EU NIN SOÑABA...

Non. Nin de nena nin de mociña, eu nin soñaba con que un día ía estar aquí, en calidade de escritora, rodeada de amigas e amigos, da familia... recibindo este fermoso agasallo que vén arroupado polos afectos e por unha xenerosa e maxistral loa de Montse Pena. A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega ten a ben distinguirme neste 2023 coa Letra E, de “Escritora”. Dende agora tecerei un vínculo máis con Agustín Fernández Paz e Xabier P. DoCampo, que permanecen na memoria de todas e todos nós, e con Marilar Aleixandre, Marica Campo, Helena Villar, Paco Martín, Concha Blanco... que estiveron e seguen a estar en tantos comezos canda min. Tamén con Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Luz Pozo, Xosé Neira Vilas... e con tantas e tantos outros, que me precederon dende aquel 1995 en que a AELG botou a andar esta celebración. E cos que virán detrás tan merecidamente.

En verdade, estou emocionada e agradecida.

Todo comezou cunha chamada telefónica. Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da asociación, na tardiña do 19 de outubro do pasado ano comunicábame a boa nova con esa súa voz de resonancia profunda, de poeta, como ben puidemos comprobar na súa intervención de hoxe: “Vouche falar dunha cousa boa, bonita. Na AELG decidimos que en 2023 a Letra E sexa para ti...”. A chuvia repenicaba con insistencia no cristal da ventá do meu estudio e, de súpeto, a tarde volveuse espléndida: enchoupouseme de luz e dei en sorrir con ganas. “O primeiro que tes que decidir é a cidade na que queres que se desenvolva o acto, pero tes tempo para nolo comunicar”. A resposta era doada, non precisaba pensalo. “En Pontevedra!”, respondinlle sen vacilar.

“Fina Casalderrey ten as raíces á beira do Lérez e trae a luz da ría nos ollos”, escribiu nunha ocasión Víctor F. Freixanes, que me coñece dabondo.

Tamén tiña que escoller unha paraxe para chantaren un monólito e plantarmos unha árbore ó seu carón. Pensei no mellor lugar posible e cheguei á conclusión de que calquera recuncho de Pontevedra era válido. Os afectos e as lembranzas persoais teceron unha deliciosa néboa que me impedía decidir. As prazas, as fontes, as pontes, os edificios emblemáticos, o río, os paseos, os xardíns, as rúas... Nesta nosa vila ata as pedras teñen alma.

Para Castelao —que fixo unha das máis fermosas declaracións de amor á cidade que aínda nos segue a conmovér— Pontevedra é coma os brazos mornos dunha noiva. E iso que non chegou a vela como está na actualidade! Eu, coma el, tamén lle debo a Pontevedra o mellor da miña vida. Calquera recuncho me remove lembranzas e imaxino...

“Vedes eses escudos con sereas no alto? Pois aquí, a este baixo da casa dos Mariño de Lobeira traía miña nai as camisas que cosía. Dobrábaas ben, envolvíaas en dúas columnas nun mantel de cadros, que tamén valía para os xantares de festa, e entregaba o fardo a unha tal Rosalía, que era a encargada de as revisar e de as facer

chegar despois a unha fábrica do Porriño”. Ou... “Xusto á casa que ten ese balcón tan bonito e ese escudo enorme, o pazo de Mugartegui, vin eu prepararme para o ingreso no Instituto. Chamábanlle Academia Jovellanos”. “Nestoutra praza, na Méndez Núñez, tamén vin a pasantía, á de don José Buela... Pepi Clavijo, don Ignacio... que bos mestres! E esa Casa do Arco, a do magnolio xigante, era dos irmáns Muruais. Xa vos contarei por que puxeron unha estatua de Valle-Inclán tan preto”. “Vinde, imos subir agora ó campanario de Santa María. Dende arriba podemos ver as Corbaceiras e os emblemáticos talleres Pazó, onde traballou de mecánico meu pai case dende neno ata que se xubilou; construían motores de barcos!”. “Fixádevos na ría, podemos imaxinala nos tempos de máximo esplendor, prateada aínda polas sardiñas, sen ningunha fábrica que as importunase, a frenética actividade nos peiraos... Xa dicía o antes citado autor de *Cousas da vida*: “*se os políticos quixesen, as sardiñas volverían á ría*”. Incrible que fosen as xentes do mar as que, cos excedentes do devandito peixe, axudasen a erguer esta xoia arquitectónica, verdade?” E podería seguir... “Nos soportais da Ferrería tiven a miña primeira cita de amor. “Na Alameda...”. “ Nas Palmeiras...”. “Nas festas da Peregrina...” “Nos claustros do Mosteiro de Léz...” . “Nos domingos de voda no adro...” . “No río Léz, tres pontes máis ó norte, aprendín a nadar...” . “E o río de lavar, o do Gramal, utilizábamolo como piscina na hora da sesta...”. Toda Pontevedra me borboriña fragmentos de memoria que compoñen a miña paisaxe máis emocional, a miña máis auténtica patria.

Ao final, o lugar escollido vistes que está preto da EEI que leva o meu nome, preto da miña casa, do río, da Ponte da Palabra... Pareceume perfecto! Grazas ó Concello de Pontevedra, en especial á concelleira de Cultura Carme Fouces e ó alcalde Miguel Anxo Fernández Lores. Tamén a Cesáreo Sánchez Iglesias, por suposto, e a Ramiro... por todas as xestións que converten este día en único.

Faltaba aínda decidir a árbore. Nun primeiro instante pensei na árbore do pan polo fermoso nome, no magnolio polo recendo da flor, na camelia, á fin é a flor de Pontevedra, a preferida do bibliófilo Antonio Odriozola e, ademais, leva esa mensaxe tan esperanzadora de ser quen de florecer mesmo no inverno. Tamén a nosa lingua, poño por caso, está afeita a iso, a soportar días de pouca luz. Ata nunha cerdeira pensei, porque non sei de pendentos máis sabedeiros para colgar das orellas dunha nena, ou dun neno, ca un par de ramallos cos seus froitos.

Porén, axiña coidei que debía poñer por diante a paisaxe e a saúde da propia árbore e deixei-me guiar por expertos: “*o mellor, un acivro*”. E un acivro medrará feliz, escoitando as cancións do río nese pequeno xardín ó carón do Léz. Á fin, na cultura popular os seus froitos son chamados “cereixas dos paxaros” e tamén agroman no inverno. Bo sinal! E, ademais, os celtas considerábana unha árbore sagrada, con poderes para atraer a boa sorte.

E algo de verdade debe haber nesa crenza: acabamos de plantar o acivro e, coma un prodixio concedido polos deuses, aquí estou rodeada de amigas e amigos, en Pontevedra, na vila que aparece na beira de todos os meus regresos, e neste Teatro Principal, sito na rúa que leva o nome dun poeta, nado na Boa Vila, que trobou en galego: Paio Gómez Chariño.

Xusto aquí, o 2 de agosto de 1878 inaugurouse este templo de cultura, testemuña de múltiples acontecementos sobranceiros: xogos florais, a primeira

audición dun fonógrafo, concertos de artistas de renome coma os magos do violín, Sarasate e Quiroga; onde se estreou a primeira película de ficción galega, *Miss Ledyá*...

“E” de Escritora... Non, nin nas miñas máis ousadas fantasías de nena tiña cabida este soño. Incluso, moito despois, lembro ver o meu nome nos xornais, a raíz do Premio Merlín, coa palabra “escritora” referida a min e sentir un estraño vertixe, un pudor, un calafrío. ESCRITORA parecíame unha palabra inmensa e eu só publicara dous libros! De feito, referíame a min mesma como “autora”. Diso, si, estaba segura: esas historias escribíraas eu.

Cheguei a me sentir un tanto desbordada por preguntas como “*Que lle parece máis difícil, escribir para nenos ou para adultos?*” Lembro que, tímida, respondera: “*O que me parece máis difícil é escribir ben*”. Nisto non evolucionei moito, sigo a pensar o mesmo. Ó día seguinte en titulares os xornais recollían: “*La escritora Fina Casalderrey no distingue entre niños y mayores*”. Novata nisto de propiciar titulares controvertidos, que ademais traducían ó castelán as miñas palabras, lembro que me sentira incómoda. “Que non distingo un neno dun vello?, aínda han pensar que son xarbotá!”.

En fin...

Nos meus encontros con lectoras e lectores infantís, en múltiples ocasións algunha nena me desvela que xa vai pola terceira novela, ou que gañou un concurso literario, ou que vai ser escritora... Por fortuna avanzamos en aspiracións e logros.

Moitos autores e autoras do meu tempo falan de lecturas clandestinas, dunha adolescencia con acceso a portas secretas en sotos onde estaban os libros prohibidos. No meu ambiente, clandestino érao todo, ata un bico fugaz entre dous namorados, e esa porta a libros prohibidos nin sabíamos que existía. Nin sequera tivera a “fortuna” de estar enferma de nena, prostrada nunha cama, tal como lle aconteceu a outras, para que o meu xeito de me achegar ós libros tivese un certo halo de romanticismo.

Eu nin soñaba... E non é que fose un soño prohibido explicitamente, entendo que era peor: no meu tempo e no meu ambiente tiñamos atrofiada esa área do cerebro que nos permitiría soñar con tal ousadía. Nunca viramos un escritor diante —sigo a me referir á miña contorna próxima—, nunca oíramos falar de “escritoras”. Os escritores que nos nomeaban algunha vez estaban mortos... Nin na casa, nin na escola, nin no barrio tiñamos biblioteca.

Con todo, sinto que fun unha afortunada. A radio, a miña tía Esmeralda e, sobre todo, o meu pai dotáronme dunha magnífica biblioteca oral dende moi cativa, e aquelas historias de lobos, raposos, mouras que agochan tesouros, gabiáns que van a vodas ó ceo, fadas con poderes... seguen habitándome. Miña nai ocupouse máis de deseñar a miña banda sonora con coplas, boleros, pasodobres e cantigas populares da nosa terra, mentres cosía a máquina e saían colos e puños de camisa como restras de chourizos.

Cando aprendín a ler, foi o azar e non as prescricións escolares quen marcou as miñas primeiras lecturas literarias. Vaia... Na escola tiñamos que aprender aquelas leccións de “*Historia Sagrada*” que a min me parecían entretidos relatos. Algúns mesmo desacougantes... Nos tempos puntillosos nos que andamos —vemos o que está a pasar en EE. UU. prohibindo a Biblia— imaxino que algúns deles se considerarían politicamente incorrectos: un rapaz ruín que mata a seu irmán por envexa, un pai que para demostrar amor a Deus está disposto a matar o seu propio fillo...

E conste que a min nin os “sucedidos” (como diría Xabier P. DoCampo) de meu pai nin esas pasaxes bíblicas me instaron a matar a ninguén e moito menos a Natalia, a miña única irmá. Sería absurdo despois de todo o que tiven que teimar para que ma mercasen na feira! A París só ían mercar fillos os ricos.

Mágoa non termos na escola, poño por caso, as *Metamorfoses*, de Publio Ovidio Nasón; esa apoteótica alborada de imaxinación con tan sorprendentes transformacións! Seguro que me habían gustar ben.

Dende que comecei a publicar sempre souben que escribir para xente miúda non é escribir para seres inferiores: só son máis novos ca nós, non menos intelixentes.

E van alá xa bastantes anos dende que naquel curso de Especialidade en Galego no que María Victoria Moreno nos ía disipando a mesta néboa que cubría os nosos clásicos —Rosalía, Castelao, Manuel Antonio, Otero Pedraio, Blanco Amor, Fole...— e diante dalgunhas testemuñas, asegurei convencida: “*Eu hei facer coma Cabanillas, hei comezar a publicar arredor dos corenta*”. E cumprino. Cumprino en boa parte porque ó meu carón sempre estivo Mariano, o meu poste de cabeceira dende hai moitos anos, cincuenta deles casados, quen chegue a agosto. El é o meu Google á hora de dar axiña cun libro que preciso.

Mariano tiña 19 anos e eu 17 cando comezamos a mocear. El xa era bibliófilo ata onde se podía naqueles tempos. Tiña encadernados *El Jabato*, *Capitán Trueno*, *Tamar...* e outros que tamén eu lera de cativa... Era socio do Círculo de Lectores, acababa de subscribirse á nova colección Biblioteca Básica de libros RTV, publicada por Salvat en colaboración con Alianza Editorial. Mariano xa era amante dos libros antes de comezar a andar comigo. Aclaro que se moceaba con máis facilidade —incluso nunha festa— levando un libro baixo o brazo, iso daba un certo “status”. Tiñamos poucos, pero sentiamos polos libros unha inmensa veneración. Grazas compañeiro polo teu apoio incondicional. Quérote.

E tería que nomear a Marcos e a Rocío, tan atinados críticos. E ás amigas, ós amigos, tan importantes no meu transitar pola vida; pero se sigo, sei que alguén vai deducir que estou a deixar entrar a vella en min, por non saber controlar as emocións. Conclúo, pois, con que se hoxe me preguntasen “*Pagou a pena exercer de escritora?*” Rotundamente respondería “*Si*”. E pagou a pena por múltiples razóns...

Para a miña nai, que non tivera moitas oportunidades de escola, eu era a mellor escritora do mundo. Aprendía de memoria moitos dos meus textos ata o extremo de ser ela quen, na tradución ó vasco do álbum *Puag, que noxo!*, se decatou de que alí faltaba o que dicía o pai: “*tiña unha ringleira menos*”. E faltaba! Para un neno de oito anos, que me escribiu unha deliciosa carta de amor, eu tamén era a mellor escritora do mundo, aínda que na mesma misiva me desvelase con adorable inxenuidade que era o primeiro libro que lía. Para un alumno meu de Marín fun algo que non son quen de esquecer. Eu chegara nova ó centro. O curso acababa de comezar. Estabamos nunha enorme fileira profesorado e alumnado de diferentes colexios e institutos de Pontevedra. Agardabamos o momento de entrar neste espléndido teatro para unha actividade escolar, cando unha mestra doutro centro se achegou a min e me dixo: “*Sóame a túa cara e non sei de que!*” Ó que o meu alumno de 1º da ESO lle respondeu convencido e fachendoso: “*É Rosalía de Castro!*”

Non é absolutamente entrañable?

Pontevedra, berce e acubillo. Non hai tesoiras fortes abondo capaces de cortaren o fío que me une a ti e ó noso Lérez. Vila e río transitades acotío polas miñas veas e polos meus mundos oníricos, inevitablemente.

Amigas, amigos, grazas infinitas por me arroupardes neste fermoso día que, oxalá tamén o sexa para todas e todos vós!

*Fina Casalderrey
Teatro Principal
Pontevedra, 10 de xuño de 2023*